

## Actividade 1

### a) VALORES ABSOLUTOS E RELATIVOS

No gráfico 5.8, a poligonal superior corresponde ao número total de trasplantes de fígado realizados en hospitais galegos nos últimos anos. Dicimos desas cantidades que son **absolutas**.

No ano 2013 a poboación galega era de 2.796.057. Se dividimos o nº de trasplantes dese ano

entre a poboación correspondente:  $\frac{85}{2796057} = 0'0000304$  teremos unha cantidad **relativa**

(dámos un valor *por habitante*)

Cando os resultados son pouco manexables, transformámolos seguindo algún convenio:

- i) É moi frecuente a transformación a %, que apenas esixe multiplicar por 100:


$$\frac{85}{2796057} = 0'0000304 \xrightarrow{\times 100} 0'00304\% \text{ (dámos un valor } \text{por cada 100 habitantes).}$$

- ii) Como seguiría a ser insatisfactorio, utilizaríamos o *pmp* (*partes por millón*, tamén

$$\text{designado ppm)} : \frac{85}{2796057} = 0'0000304 \xrightarrow{\times 1.000.000} 30'4 \text{ (dámos un valor } \text{por cada millón}$$

*de habitantes*).

**Figura 5.8. Evolución do número de transplantes hepáticos desde 1996**




Exercicio: Como verás na gráfica, ese mesmo valor, 30'4, deuse no ano 2005 con un trasplante menos. Calcula cal era a poboación galega nese momento.

Traballarmos con cantidades relativas permite comparar poboacións moi desiguais, como é o caso de España (46.704.314 habitantes no 2013) e Galiza.

### b) O CARÁCTER INFORMATIVO DAS GRÁFICAS

Representar graficamente a información que posuímos pode axudarnos a pensar mellor sobre a situación que estamos analizando.

Así, é moi aparente a **tendencia** que seguen os datos dende 2004, case estabilizándose.




A percepción visual é de que, aproximadamente, seguen unha liña recta horizontal en ambos os casos, **flutuando** en torno a cadanxeu valor intermedio.

### c) A MEDIA COMO INDICADOR

A **media** (aritmética) é un estimador moi simple, pero de gran eficacia, pois obtense compensando uns valores cos outros, polo que andará polo medio deles:

$$\text{media} = \frac{\text{suma de todos os valores}}{\text{nº de valores}} = \frac{28'7 + 30'4 + 30 + 32'1 + 28 + 27'9 + 27'2 + 28'6 + 32'7 + 30'4}{10} = 29'6$$

Entón, para ese período, a gráfica poderíamos aproximala pola recta  $y = 29'6$



2004 2005 2006 2007 2008 2009 2010 2011 2012 2013

Exercicio: realiza a mesma actividade, c), para o caso de España.

### d) COMPARACIÓN DE MEDIAS

Cando a media nunha parte da poboación (neste caso a galega respecto de toda a española) ten un valor diferente, preguntámonos se esa diferencia é **significativa**, ou sexa, se é dабondo importante desde a perspectiva da nosa análise e, polo tanto, require unha explicación que nos permita saber que circunstancias están incidindo (no noso caso en contra).

Exercicio: Consulta na rede que factores inflúen nas enfermidades hepáticas e, intenta explicar porque na Galiza vén habendo, reiteradamente, un índice de transplantes de fígado máis elevado.